

# Aproximación á prefixación no galego literario medieval\*

## *Prefixation in medieval literary Galician*

**Xoán LÓPEZ VIÑAS**

Universidade da Coruña  
Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

[recibido 28/02/2014, aceptado 17/06/2014]

### RESUMO

Neste artigo pretendemos levar a cabo unha breve aproximación ao fenómeno da prefixación con base nunha selección de obras do galego literario medieval. En primeiro lugar, imos realizar unha mínima caracterización teórica da prefixación coa finalidade de expor as diversas consideracións sobre o estatuto gramatical deste mecanismo de formación de palabras (derivativo, compositivo ou mixto) e o noso posicionamento ao respecto. Finalmente, estudaremos o sistema prefixal no galego literario medieval.

**PALABRAS CHAVE:** prefixación, derivación, composición, prefixo, afixo, galego medieval.

LÓPEZ VIÑAS, X. (2014): “Aproximación á prefixación no galego literario medieval”, *Madrygal (Madr.)*, 17: 55-65.

### RESUMEN

En este artículo pretendemos llevar a cabo una breve aproximación al fenómeno de la prefijación con base en una selección de obras del gallego literario medieval. En primer lugar, realizaremos una mínima caracterización teórica de la prefijación con la finalidad de exponer las diversas consideraciones sobre el estatuto gramatical de este mecanismo de formación de palabras (derivativo, compositivo o mixto) y nuestra posición al respecto. Finalmente, estudiaremos el sistema prefijal en el gallego literario medieval.

**PALABRAS CLAVE:** prefijación, derivación, composición, prefijo, afixo, gallego medieval.

LÓPEZ VIÑAS, X. (2014): “Aproximación a la prefijación en el gallego literario medieval”, *Madrygal (Madr.)*, 17: 55-65.

### ABSTRACT

This article explores the presence of prefixation in medieval Galician, based on a selection of literary texts. The first section offers a brief description of the concept of prefixation, before moving on, in section two, to examine and assess the types of prefixation used in the different word-formation processes (derivation, compounding, mixed). The final part of the study looks at the prefixal system in medieval literary Galician..

**KEY WORDS:** prefixation, derivation, compounding, prefix, affix, medieval Galician.

LÓPEZ VIÑAS, X. (2014): “Prefixation in medieval literary Galician”, *Madrygal (Madr.)*, 17: 55-65.

**SUMARIO:** 1. Introducción. 2. A prefixación como mecanismo de formación de palabras. 2.1. A prefixación na teoría lingüística xeral. 2.2. Caracterización xeral da prefixación. 3. A prefixación no galego literario medieval. 3.1. Prefixo *a-*. 3.2. Prefixo *ante-*. 3.3. Prefixo *bis-*. 3.4. Prefixo *con-/co-*. 3.5. Prefixo *de-*. 3.6. Prefixo *des-*. 3.7. Prefixo *en-/in-*. 3.8. Prefixo *entre-*. 3.9. Prefixo *es-*. 3.10. Prefixo *re-*. 3.11. Prefixo *sobre-*. 3.12. Prefixo *tras-/trans-*. 4. Cabo. 5. Referencias bibliográficas.

---

\* Este artigo é froito da tese de doutoramento “A formación de palabras no galego medieval: a afixación” (López Viñas 2012), defendida no día 17/09/2012 na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña.

## 1. INTRODUCCIÓN

Neste artigo pretendemos levar a cabo unha breve aproximación ao fenómeno da prefixación con base nunha selección de obras do galego literario medieval. Así, en primeiro lugar imos realizar unha mínima caracterización teórica da prefixación coa finalidade de expor as diversas consideracións sobre o estatuto gramatical deste mecanismo de formación de palabras e o noso posicionamento ao respecto.

Posteriormente, levaremos a cabo o estudo deste fenómeno de acrecentamento do léxico no período denominado galego literario medieval, que representa *grosso modo* o 15% da produción total da produción antiga, conforme os datos que extraemos do corpus do proxecto TMILG (Varela 1993). Por tanto, as obras que constitúen o noso corpus engloban toda a poesía orixinal ou de creación propia, tanto profana como relixiosa, excepto a Escola galego-castelá (1350 a 1450) por seren poemas deturpados a nivel lingüístico; a prosa literaria traducida, elaborada en territorio galego; e unha obra en prosa técnica orixinal. Deste modo, o noso corpus está conformado por sete obras (se considerarmos a lírica profana como un único volume), que se corresponden con 2754 unidades textuais<sup>1</sup>: *Cantigas d'amigo*, *cantigas d'amor*, *cantigas d'escarnho e malizer* e xéneros menores; *Cantigas de Santa María*, *Crónica Troiana*, *Livro de Tristán*, *Miragres de Santiago*, *Crónica de Santa María de Iria* e *Arte de Trovar*.

## 2. A PREFIXACIÓN COMO MECANISMO DE FORMACIÓN DE PALABRAS

### 2.1. A PREFIXACIÓN NA TEORÍA LINGÜÍSTICA XERAL

Definimos a prefixación ou derivación prefixal como o proceso mediante o cal un afixo,

denominado prefixo, se une á esquerda da base para crear unha nova palabra<sup>2</sup>. Esta inclusión da prefixación como un tipo de derivación, e máis concretamente de afixación, non está exenta de polémica, xa que constitúe un dos mecanismos de formación de palabras sobre o cal recae un gran número de interrogantes a respecto do seu estatuto. Así, nos diversos estudos existentes o rol da prefixación débátese entre a consideración como un procedemento derivativo fronte á súa integración como un mecanismo compositivo<sup>3</sup>.

As persoas especialistas que prefiren inserir a prefixación como un tipo de composición baséanse en argumentos de natureza diversa que a seguir ofrecemos, como a autonomía dos prefixos, a ausencia de transcategorización ou as regras sintácticas. Darmesteter (1894), por exemplo, incorpora a prefixación nunha das clases de composición, a composición por partículas separábeis ou inseparábeis (preposicións e adverbios), a constituír o tipo de compostos máis produtivo. Alén disto, tamén se basea na semellanza existente entre a prefixación e a composición, pois as dúas son xeradas por transformación dunha base, en cuxo proceso opera fundamentalmente o principio sintáctico; pola contra, a xunción e a categoría gramatical constitúen trazos accesorios.

Pola súa parte, Iordan e Manoliu (1972) indican que a diferenza entre sufixación e prefixación radica no estatuto gramatical e no valor semántico do prefixo a respecto do sufixo. Así, por un lado, “la gran mayoría de los prefijos son preposiciones y adverbios”, que “en ningún caso se pueden asimilar a los sufijos”, e, por outro, “el papel de los sufijos se limita ordinariamente a matizar el sentido previo de la palabra base (...). Por el contrario, los prefijos y, sobre todo, los seudoprefijos, suponen muchas veces un cambio profundo del sentido” (Iordan e Manoliu 1972: 37-38).

<sup>1</sup> De acordo cos responsábeis de sección do TMILG (Paulo Martínez Lema e Ricardo Pichel Gotérrez), unha “unidade textual” correspóndese con unha cantiga (no caso da lírica), un capítulo (para a prosa non notarial) ou un documento (no caso da prosa notarial).

<sup>2</sup> Esta consideración da prefixación como un proceso derivativo está largamente asentada nos estudos de Lingüística (Iordan e Manoliu 1972, Rio-Torto 1998, Freixeiro 1999, Álvarez e Xove 2003 etc.).

<sup>3</sup> Cfr. López Viñas (2010), en que realizamos un estudo máis pormenorizado sobre a identidade gramatical da prefixación a partir de datos extraídos das gramáticas históricas do portugués e do galego.

Así mesmo, cómpre destacar pola súa singularidade a proposta de Alvar Ezquerra (2006), para quen os prefixos vulgares (*con*, *des*, *en* etc.) “pertencen a la composición, mientras que los prefijos cultos [*bio*, *crono*, *tele* etc.], los interfijos y los sufijos forman parte de la derivación”. O criterio basilar deste autor reside no feito de que “estos prefijos coinciden con las preposiciones”.

Outros son partidarios de concibir a prefixación como un proceso de formación de palabras ao mesmo nivel do que a composición e a sufixación. É o caso de Guilbert (1975), que defende a formación de palabras dentro dun proceso xeral de transposición dun esquema sintáctico a outro léxico. Así, para este lingüista as diferenzas entre prefixación e composición ciméntanse en que os prefixos nunca constitúen elementos de relación predicativa, en canto os membros dos compostos establecen este vínculo.

Porén, na maior parte dos estudos –e esta será a corrente que nós sigamos– a prefixación aparece considerada como un tipo de derivación afixal, como así aparece unicamente tratado na tradición gramatical galega, quer a nivel diacrónico quer a nivel sincrónico. Entre algúns dos argumentos que inducen a tratar os prefixos como afixos derivativos podemos mencionar o feito de seren unidades recorrentes en moitas palabras, determinaren e combinárense con bases léxicas e non funcionaren moitos deles de modo independente. En efecto, moitos dos prefixos coinciden formalmente coas preposicións, como *a-*, *con-*, *de-* etc., mais existe un gran grupo non autónomo, cal *anti-*, *des-*, *es-*, *pre-*, *re-* etc. Alén disto, malia existir esta correlación coas unidades preposicionais, os prefixos funcionan de modo diferente aínda que partillen significado, pois estes non exercen de nexos senón como determinacións da base (Álvarez e Xove 2003: 724) e mesmo poden asumir funcións verbais. Na composición a adhesión está constituída polas regras de formación sintáctica e polas categorías de palabras relacionadas.

Non debe identificarse, pois, o prefixo coa correspondente preposición que pode aparecer na cadea lingüística relacionando unidades léxicas. Estes casos de xunción dun enlace preposicional a unha base léxica para xerar unha palabra composta é o que procede de secuencias preposicionais do tipo *por menor* > *pormenor*, *para ben* > *parabén*...<sup>4</sup> (Álvarez e Xove 2003: 725).

Así mesmo, outros factores como o tipo de significado dos derivados prefixados, a existencia de alomorfos entre os prefixos (igual que os sufixos), así como a creación de relacións paradigmáticas entre os diferentes prefixos, por sinonimia (*ante-*, *pre-*...) ou por antonimia (*sobre-*, *so-*...), inclinan a contemplar prefixo como afixo e, por tanto, prefixación como afixación (Varela e Martín García 2000: 4995-4996).

Relacionado coa composición, convén facermos referencia aos denominados “prefixos adverbais”: *menos-* (med. *mēos-*), *ben-* e *mal-*. Estas partículas aparecen moi frecuentemente contempladas como prefixos en diversos manuais (Varela e Martín García 2000, Ferreiro 2001) mais, continuando a vertente de Freixeiro Mato (1999), estas partículas constitúen casos de composición ao seren unidades léxicas autónomas.

Nesta liña, tamén cabe facer referencia á discriminación entre os neocompostos e os prefixos e neoprefixos. Así, a neocomposición ten como resultado a xunción dunha base romance a unha base latina ou grega, ou as dúas de procedencia clásica, que debido á súa produtividade e falta de autonomía están na fronteira entre a composición e a prefixación. Para diferenciar ambos os procesos, convén termos presente as seguintes condicións (López Viñas, Lourenço Mória e Moreda Leirado 2011: 211-212):

1. Fronte aos prefixos, cada unha das bases do neocomposto pode derivarse por sufixación; así en *hidrofobia* podemos acrecentar sufixos ás dúas bases: *hidr-* → *hídrico*, *fob-* → *fóbico*.

<sup>4</sup> Este tipo de estrutura sintáctica evidénciase máis nos denominados “conglomerados fráscicos” (Ferreiro 1997: 229) ou “compostos fráscicos” (Freixeiro Mato 1999: 295) do tipo *noraboa* (< *en* + *hora* + *boa*).

2. Dous prefixos non poden combinarse para formar unha unidade léxica.

3. As bases do neocomposto poden aparecer como primeiro ou segundo elemento (*filosofía*, *necrófilo*), en canto o prefixo só pode constituír o primeiro elemento (*subdirector*, \**directorsub*).

A gramaticalización dalgúns neocompostos levou a que algúns destes funcionasen como neoprefixos.

## 2.2. CARACTERIZACIÓN XERAL DA PREFIXACIÓN

A doutrina tradicional sobre os prefixos, e por extensión sobre a prefixación, vértébrase, como se observa na definición, á volta da súa situación topolóxica, mais tamén é froito das súas relacións morfolóxicas coa base, das súas formas, funcións e significados.

O sistema de prefixación galego coincide en liñas xerais co do latín clásico (Ferreiro 2001: 68), que consistía no acrecentamento dunha serie de prefixo coincidente co sistema de preposicións latino, mais tamén con algúns adverbios.

Á diferenza do que acontece cos sufixos, e como xa sinalamos, un número determinado de prefixos pode aparecer de modo independente, como verdadeiras preposicións (*sobre-*, *contra-*, *en-*, *entre-*), mais tamén existe outro grupo amplo en que só se encontran de forma ligada (*anti-*, *per-*, *ultra-*). Polo contrario, na maior parte dos casos de formacións de orixe latina xa non é tan fácil recoñecer a forma prefixal inicial, nomeadamente por causa da apofonía (ĪN- + CADĒRE > INCĪDĒRE) ou das asimilacións progresivas a partir do contacto da consoante final do prefixo coa consoante inicial da base (CUM- + LABORĀRE > CŌLLABORĀRE). Alén disto, a este esvaecemento ou escurecemento da conciencia lingüística na hora de recoñecer o carácter prefixal acrecéntase a evolución fonética destes vocábulos, como en CUM- + ĒDĒRE > *comer*.

Así mesmo, esta situación contribuíu a históricos casos de “refacción (EXHĒRĒDĪTĀRE > med. *eixerdar*~*enxerdar* → *desherdar*), de evolución atípica (OBTŪRĀRE > *aturar*, OFFŌCĀRE > *afogar*)

ou de falsa segmentación vocabular, ás veces consolidados: [...] *recobrar* (< RECŪPĒRĀRE) → *cobrar*” (Ferreiro 2001: 69). Neste sentido, é bastante “frecuente a convivencia dunha base léxica con diferentes derivados prefixais alternantes” (Ferreiro 2001: 70). É o caso de *arrequeutar* / *enrequeutar*, *escabeçar* / *descabeçar* etc. Así mesmo, existe unha especial alternancia dos prefixos *es-* e *des-*, xa desde o período medieval: ant. *destorvar* → mod. *estorbar*.

Por outro lado, fronte aos sufixos, os prefixos non alteran o acento natural da base a que se xuntan (*ter* → *entreter*). Así mesmo, a integración fónica e formal coa base non implica mudanzas morfolóxicas fortes, pois os prefixos raramente provocan reaxustamentos e normalmente conservan a súa estrutura fonolóxica, se ben é certo que algúns destes afixos poden sufrir variación alomórfica.

Canto ás propiedades morfolóxicas de xénero, número, modo-tempo e número-persoa, tampouco son alteradas pola asociación dun prefixo a unha base: *organización* [+fem., +sing.] → *desorganización* [+fem., +sing.].

Alén disto, a estrutura dos derivados prefixais pode estar suxeita a unha análise sintáctica, de forma semellante a como se analiza a estrutura dos compostos e dos derivados sufixados: *sala* → *antesala*, *vivir* → *convivir*. Así, as relacións entre os constituíntes pode ser adxectiva en *antesala* ou preposicional en *convivir*, de aí que se considerasen casos de composición. Por outra parte, os prefixos poden alterar a estrutura argumental da base: *confiar* (*en*) / *desconfiar* (*de*).

Adoita indicarse que na prefixación, á diferenza da sufixación, se respecta a *Unitary Base Hypothesis* (UBH) ou Hipótese da Unicidade da Base (HUB) de Aronoff (1976), pola cal un afixo se xunta a unha única categoría léxica. Porén, existen prefixos que violan a UBP porque se poden asociar a substantivos, adxectivos ou a verbos, “o que parece mostrar que a selección das bases estará sobretudo dependente de criterios semânticos” (Brocardo e Caetano 2000: 44-45); tal é o caso do prefixo *des-*.

De igual modo, os prefixos, fronte á maior parte dos sufixos, non adoitan provocar unha mudanza de categoría gramatical da base, xa que na maioría dos casos o educto de derivación correspóndese sintacticamente coa base primitiva (*facere* → *desfacere*). Por tanto, o criterio de transcategorización sintáctica utilizado para os sufixos nociónais tampouco resulta válido neste caso.

Pola súa parte, a conexión semántica entre o prefixo e a base é moito menos rixida do que a existente entre o sufixo e a base, de modo que a sensación de derivación, como afirma Lang (1990: 168), é moito maior. Así, este tipo de derivación constrúe formacións *ad hoc*, efémeras, de tal maneira que o lexicón formalizado do dicionario non é unha guía moi fiable para determinarmos a produtividade dos diferentes prefixos. En xeral, os prefixos presentan casos de polisemia moderada, pois non adoitan ter máis de tres sentidos, fronte aos dos sufixos.

Noutra orde de cousas, un grupo de prefixos existentes no galego moderno é o constituído polos chamados “neoprefixos”, que teñen a súa orixe nalgúns radicais latinos e gregos que pasaron a funcionar como auténticos prefixos.

### 3. A PREFIXACIÓN NO GALEGO LITERARIO MEDIEVAL

A prefixación no galego literario medieval presenta unha produtividade moi moderada, sobre todo se o comparamos coa do período actual, mais tamén co resto de procedementos afixais que existen (sufixación, parasíntese e derivación regresiva). Neste sentido, convén recordarmos que neste artigo unicamente imos tratar os prefixos que forman palabras dentro do sistema lingüístico galego, con base no período medieval, de modo que o número de prefixos e formas que aparecen incluídas en numerosos manuais (cfr. Ferreiro 1997, Freixeiro 1999) é moito menor ao non considerarmos as formacións latinas. A este respecto, cómpre recalcar que non estamos afirmando que haxa unha ruptura do *continuum* lingüístico do latín ao galego; simplemente indicamos que, para poder observarmos a produtividade da prefixación no galego medieval, só imos ter en conta as formacións creadas propiamente neste período.

En liñas xerais, imos comprobar que o inventario total de prefixos que operan no galego medieval é limitado e cínxese, do punto de vista semántico, aos prefixos de lugar e negación,

AT	LP	CSM	LT	CT	MS	CSMI
a-, des-, en-	a-, ante-, bis-, con-/co, de-, des-, en-, es-, re-, tras-	a-, ante-, co-, de-, des-, en-, entre-, res-, re-, sobre-, tras-	a-, des-, en-	a-, co-, de-, des-, en-, re-, sobre-	a-, de-, des-, en-	a-, de-, des-, en-, in-, tras-

Tabela 1. Ocorrencias dos prefixos do galego medieval por obra do corpus

mais tamén se recollen en menor medida de tempo, de cantidade e intensivos (Tabela 1). No máximo adquiren tres nocións como *de-*, de modo que os prefixos presentan unha polisemia baixa. Así mesmo, imos comprobar que existe alternancia prefixal unicamente na noción de oposición ou negación, pois o prefixo negativo *des-* compite con *de-*, *es-* e *-in-*. Porén, a produtividade de *des-* é tan alta que acaba por se impor como o grande sufixo formador de vocábulos con sentido privativo. Así mesmo, cómpre adiantar que, malia a rivalidade *des-/in-*, tan habitual na actualidade, no galego medieval unicamente semella estar dispoñíbel o prefixo

*des-*. Alén disto, tamén existe concorrencia de prefixos con mínima achega de significación á base, como *a-/en-/de-*.

Por outra parte, cómpre salientar que é preciso diferenciarmos entre produtividade ou rendibilidade dun afixo, fronte ao de frecuencia, enormemente asociado, pois en canto o primeiro fai referencia ao número de bases a que se asocia, o segundo fai referencia ao número de veces que aparece tal afixo. Neste último caso compútanse todas as palabras cun afixo determinado, de modo que se desvirtúan os datos, pois o feito de que unha palabra derivada mediante un afixo apareza trinta veces nun corpus non ten

por que indicar que ese afixo é moi produtivo; a produtividade debe medirse, pois, polo número de bases a que ese afixo se xunta. Asemade, ao concepto de produtividade hai que sumar o de rivalidade afixal, pois ao existiren diversos afixos para a realización das mesmas funcións e significacións estes pasan a competir entre eles.

Así pois, a seguir imos realizar unha análise dos aspectos máis salientábeis dos prefixos tanto a nivel lingüístico como o seu funcionamento no galego medieval.

### 3.1. PREFIXO *A-*

O prefixo latino *a-* (que no noso corpus só procede das preposicións latinas *AD* ou *AB*) presenta unha problemática derivada da súa inherente posición inicial, pois coincide formalmente coa prótese vocálica de *a-*, de modo que non é fácil diferenciarmos se se tratar dun prefixo ou dunha adición fonético-sintáctica de vogal<sup>5</sup> (*\*arrodeo*, *\*arrenegar*)<sup>6</sup>. Alén disto, a aparición de *a-* en parellas do tipo *mostrar/mostrar* na lírica profana galego-portuguesa semella obedecer a razóns de métrica. Neste sentido, e con base na indistinción semántica, Ferreiro (2001: 71), indica que os casos de *(a)mostrar*, *(a)podrecer*, etc. deben ser considerados vulgarismos con prótese de *a-*.

Porén, outros autores<sup>7</sup> consideran que o *a-* inicial constitúe un prefixo, a pesar de achegar pouca modificación semántica á base, sobre todo a se basearen na participación deste prefixo nas construcións parasintéticas verbais denominais. É principalmente por este motivo que decidimos manter a consideración do *a-* inicial como prefixo, pois intervén en tres tipos de parasíntese.

Con base nisto, no noso corpus o prefixo *a-* opera sobre 34 bases diferentes, sendo en *CSM*

onde recollemos unha maior presenza. As ocorrencias do prefixo *a-* no corpus son as seguintes: *AT* 1, *LP* 13, *CSM* 21, *LT* 1, *CT* 11, *MS* 5. *CSMI* 3.

As derivacións prefixadas son exclusivamente isocategoriais e redúcense unicamente ás formacións verbais cun verbo como base. Canto ao seu significado, como xa indicamos, na maior parte dos casos as palabras sufixadas por *a-* non difiren case nada do seu correspondente simple, como en *alançar* (*CT*) / *lançar*, *amostrar* (*LP*, *CSM*, *LT*, *CT*, *MS*) / *mostrar* ou *amatar* (*CSM*) / *matar*. Porén, noutros casos o derivado e a base poden presentar significados moi diferentes; así, *aficar* ‘atormentar(se)’ (*LP*, *CSM*, *MS*) e *assacar* ‘imputar calumniosamente’ (*LP*, *CSM*, *CT*), entre outros.

### 3.2. PREFIXO *ANTE-*

O prefixo *ante-* provén do adverbio e preposición latina *ANTE*, que indicaba anterioridade espacial e/ou temporal. Este prefixo aparece en formación eruditas ou semieruditas de creación latina, mais tamén se documenta en formacións romances galegas cos mesmos valores semánticos orixinais (Ferreiro 1997: 72).

Nos vocábulos máis recentes consérvase a vogal final do prefixo, aínda que a base inicie por vogal (*ante-* + *ollos* > *anteollos*); porén, se o vocábulo se xerar nas primeiras fases da lingua observamos crase entre a vogal final do prefixo e a vogal inicial do lexema.

Precisamente, en todo o noso corpus documentamos unicamente dous casos de xunción do prefixo *ante-* a unha base en que se produce este metaplasmo por supresión de fonemas: *antollar* (*LP*, *CSM* e *CT*) < *ante* + *ollar*, *antollo* < (*CSM*) < *ante* + *ollo*<sup>8</sup>. Por tanto, a produtividade deste sufixo no corpus é sumamente baixa

<sup>5</sup> Esta vogal por veces pode ser o pronome identificador definido feminino *a*, como se observa nalgúns palabras ao longo da súa historia: *meaça* > *ameaça* (cfr. Ferreiro 1999: 203).

<sup>6</sup> Talvez por esta circunstancia, o prefixo *a-*, de procedencia latina, non aparece recollido no repertorio prefixal do galego moderno de Freixeiro Mato (1999: 254-269). Pola súa parte, Álvarez e Xove (2003: 727-728) tampouco o inclúen, xunto con *en-*, no cadro xeral de prefixos, pois para estes autores, *a-* é un mero transcategorizador de nomes en verbos, achegando unha significación mínima á base.

<sup>7</sup> Cfr. Serrano Dolader (1995), Álvarez e Xove (2003) etc.

e rexistrámola tanto en verbos con orixe verbal como en substantivos desubstantivais co valor de anterioridade, aínda que xa lexicalizado. Así, as ocorrencias do prefixo *ante-* no corpus son as seguintes: *AT 0, LP 1, CSM 2, LT 0, CT 1, MS 0, CSMI 0*.

### 3.3. PREFIXO *BIS-*

O prefixo de orixe latina *bis-*, alomorfo de *bi-*, significa ‘dous’ ou ‘dúas veces’. A produtividade da forma *bi-* deste prefixo áchase combinase fundamentalmente con bases nominais, quer substantivas quer adxectivas, e aparece con maior frecuencia no galego moderno.

A variante alomórfica *bis-*, tal e como indica Freixeiro Mato (1999: 260), “só aparece nalgúns exemplos lexicalizados” hoxe en día. É o caso de *bisneto* (*CSM, CT*) e o de *bisauo* (*CT*), polo que se comproba que é outro prefixo con rendibilidade residual: *AT 0, LP 0, CSM 2, LT 0, CT 1, MS 0, CSMI 0*. Neste caso xúntase a nomes de parentesco para indicar a proximidade na liña familiar.

### 3.4. PREFIXO *CON-/CO-*

O prefixo *con-*, xunto co seu alomorfo *co-*, deriva da preposición latina *CUM* e integra a idea de ‘contigüidade, compañía’. A maior parte das formacións con preposición *con-* que encontramos son de orixe latina, polo que fican fóra do noso corpus. Igual que acontecía cos prefixos *ante-* e *bis-*, *con-* preséntase como pouco produtivo na formación de novas palabras no galego medieval. O seu uso límitase unicamente á afixación de dous substantivos desubstantivais mediante *con-/co-*, *comarca* (*CSM*) e *coirmãa/coyrmão*<sup>9</sup> (*LP, CT*).

### 3.5. PREFIXO *DE-*

O prefixo *de-*, procedente da preposición latina *DĒ*, modifica levemente a significación orixinaria da base, indicando ‘tendencia a menos’

ou ‘movemento cara a abaixo’, aínda que o máis habitual é que non altere practicamente o significado da base, como en *dependorar* (*CSM, CT, MS*), *demudar* (*CT*) e *detardar* (*CSM, CT, CSMI*). Porén, ás veces tamén pode adquirir o valor de separación, perceptíbel en *departir* (*CSM*) e *derraigar* (*CSM*). A partir deste último significado, o prefixo *de-* tamén pode experimentar un sentido negativo ou opositivo, como se pode encontrar en *decinger* ‘desaperter, afrouxar’ (*CSM*) e *desoterrar* ‘desenterrar’ (*CSM*), se ben que neste último caso é posíbel estarmos perante un caso de prefixación con *des-* (*dessoterrar*).

Precisamente, cos valores de separación e oposición, o prefixo *de-* compite co prefixo *des-*, o cal en certos casos acaba substituíndoo (p.ex. mod. *descinxir* ou *desarraigar*). Porén, no noso corpus *de-* non é tan produtivo como *des-* para expresar a negación.

A nivel morfosintáctico, nos casos rexistrados no corpus este prefixo crea exclusivamente sete verbos isocategoriais, cuxo reparto nas obras é a seguinte: *AT 0, LP 1, CSM 7, LT 0, CT 3, MS 2, CSMI 1*.

Por outra parte, o prefixo *de-* pode aparecer en formacións parasintéticas de C1 <*de-...-ar*> (*depenar*).

### 3.6. PREFIXO *DES-*

O prefixo *des-* procede probabelmente do prefixo latino *DĪS-*, aínda que tamén se apunta a posibilidade de se orixinar a partir da aglutinación de *DĒ-* + *ĒX-* (Ferreiro 1997: 78). Constitúe o prefixo máis produtivo ao longo da lingua galega, así como o máis habitual na formación de palabras con significado privativo. Así, no noso corpus únese a 94 bases diferentes para indicar a noción de ‘acción contraria, negación, oposición ou privación’. En concreto, no corpus lírico é onde se usa a prefixación con *des-* de

<sup>8</sup> Non obstante, cfr. DHLP (s.v. *antolhar* e *antolho*), que alén desta etimoloxía tamén apunta a posíbel procedencia do español *antojar* e *antojo*, de modo que neste caso estaríamos perante un préstamo.

<sup>9</sup> Nesta fase da lingua aínda se pode observar perfectamente a derivación prefixal, xa que *a posteriori* isto esvaece na evolución en com. *curmán* / dial. *curmao*, *curmá*.

maneira máis fecunda, talvez pola existencia de binomios do tipo *amor/desamor* (LP, CSM, CT), *mesura/desmesura* (LP, CSM, CT) etc. As ocorrencias do prefixo *des-* no corpus son as seguintes: AT 1, LP 46, CSM 47, LT 0, CT 27, MS 10, CSMI 9.

Talvez a alta produtividade deste prefixo se ache en que *des-* se pode xuntar a toda clase de bases, isto é, a substantivos (*desamor, desaveenza, descousimento, deslealdade...*), a adxectivos (*desaventuroso, descomunal, deshonesto, desleal...*) e a verbos (*desacordar, desamar, descavalgar...*). Por tanto, o prefixo *des-*, como evidencian os exemplos recollidos, viola a Hipótese da Unicidade da Base, ao se asociar a diferentes categorías de palabras base, “o que parece mostrar que a selección das bases estará sobretudo dependente de criterios semánticos” (Brocardo e Caetano 2000: 44-45).

Alén disto, *des-* pode unirse tanto a bases verbais simples (*desamor*) como complexas (*desesperança*); nestas últimas destaca a asociación do prefixo a bases previamente parasintéticas, como en *desaguisar, desassanhar, desensanhar*.

Por outra parte, unha das peculiaridades destas formacións verbais con prefixo *des-* é o feito de ofrecerem dúas posibilidades de interpretación semántica e, por tanto, procesual. Así, en *descoorado* (CSM) podemos considerar que estamos perante un caso de prefixación e, xa que logo, a base é *coorado*, mais tamén é posible concluírmos que se trata dunha construción parasintética, con base en *coor* (*des-coor-ado*). Esta dupla posibilidade desaparece cando a base é un parasintético, de modo que nestes casos estaremos ante prefixación con *des-* (*desaguisar* < *des-* + *aguisar* [ < *a-* + *guisa* + *-ar* ]).

Relativamente á alternancia con outros prefixos, o prefixo *des-* encóntrase en competición con *de-* e *es-*, mais tamén *in-*, aínda que como veremos este só aparece nun único caso no século XV, o que semella que a extensión de *in-* como prefixo negativo se produce modernamente.

Neste sentido, no noso corpus encontramos exemplos de prefixación con *des-* que veñen

substituír os derivados en *de-* creados en latín; así, *descrecer* (CSM) e *despoer* (MS, CSMI) serían formados en romance, á diferenza de *decrecer* (< DECRESĈERE) e *depor* (< DEPONĈERE).

### 3.7. PREFIXO EN-/IN-

O prefixo *en-* procede da preposición latina ĨN<sup>10</sup>, que contiña o significado ‘en, dentro’. Porén, na maior parte dos casos, igual que acontecía con *a-* (< AD), non altera grandemente o significado da base, de modo que constitúe un “reforzamento pleonástico, alternando a forma simple coa forma prefixada” (Ferreiro 1997: 82). É o caso de *empreguntar/preguntar, emprestar/prestar...* Nalgúns casos, a forma reforzada levou consigo a desaparición da forma simple, antiga no tempo (*comendar* → *encomendar*).

Porén, outros autores (Freixeiro 1999, Álvarez e Xove 2003) non recollen este prefixo, como xa indicamos, pola escasa carga semántica que achega ao derivado.

No noso corpus, xúntase exclusivamente a bases verbais e xera igualmente vocábulos sufixados verbais, malia tamén acharmos algún caso esporádico de substantivos base, como en *encomedio* ou *entorto*. A produtividade do sufixo *en-* semella concentrarse na etapa trobadoresca: AT 1, LP 8, CSM 13, LT 1, CT 4, MS 6, CSMI 3.

Alén disto, o prefixo *en-* pode cristalizar en formacións parasintéticas cos sufixos *-ar* (< *en-...-ar* >), *-entar* (< *en-...-entar* >) e mais *-ecer* (< *en-...-ecer* >).

Por outra parte, a evolución diverxente do prefixo latino ĨN é a forma latinizante *in-*, que nos casos analizados presenta o valor de negación. Este prefixo *in-* aplícase só á unha única palabra e xa na fin da Idade Media: (*inamiigos* (CSMI) < *in* + *amigo*).

### 3.8. PREFIXO ENTRE-

O prefixo *entre-*, do latín ĨNTER, tal e como se salienta en diversos manuais (Freixeiro Mato 1999: 258), manifesta unha produtividade no galego moderno bastante baixa, “con tendencia

<sup>10</sup> Para unha análise histórica do prefixo latino ĨN- véxase Brea (1976).



á fosilización”, pois na actualidade a variante *inter-* posúe maior vitalidade.

Este feito podemos corroboralo no noso corpus, en que unicamente temos un caso de palabra prefixada no romance con *entre-*, *entredormir* (CSM 1), que presenta o significado de intensidade. Os casos de formacións latinas tamén ocorren mediante a forma patrimonial do prefixo (*entrepelar* (CT) < INTERPELLARE).

Por tanto, neste caso cúmprese a Hipótese da Unicidade da Base aronoffiana, face ao galego moderno en que se une a substantivos e a verbos (Freixeiro Mato 1999: 258).

### 3.9. PREFIXO *ES-*

O prefixo *es-* deriva da preposición latina *ĒX* (‘fóra de’) na súa forma patrimonial. Este prefixo latino formou numerosos vocábulos na lingua romana, mais tamén se converteu nun prefixo maioritariamente verbalizador. Nos exemplos do noso corpus recolleemos 10 tipos de bases diferentes ás que afecta o prefixo *es-*. Nestes casos encontramos os significados de intensidade, como en *estardança*, *escontar*, *estorcer* etc., mais tamén o de negación, cal en *escooir*. As ocorrencias de *es-* no noso corpus son as seguintes: AT 0, LP 4, CSM 7, LT 0, CT 0, MS 0, CSMI 0.

Este prefixo participa tamén en construcións parasintéticas, como <*es-...-ar*> (*escabeçar*) ou <*es-...-ecer*> (*esclarecer*). Así mesmo, os casos *esconjur* e *escooir*, tal e como acontecía co prefixo *des-*, tamén poderían ser analizados como parasintéticos segundo a interpretación semántica da base e lexicoxenética da base; así, *escooir* ‘sen colorear’ < *es-* + *cooir*, fronte a *escooir* ‘sen cor’ < *es-* + *coor* + *-ir*.

Por tanto, o prefixo *es-* compite co seu rival semántico *des-*, que acabará por se impor, en casos dos tipo med. *escooir* (CSM) → mod. *descolorir*.

### 3.10. PREFIXO *RE-*

O prefixo *re-* provén da partícula latina *RE-*, que perante vogal adoptaba a forma *RED-*. O seu significado fundamental era o de repetición, aínda que tamén podían contemplarse nocións de ‘oposición’, ‘retroceso’ etc.

No galego aparecen estas mesmas nocións, sobre todo a de iteración (*renembrancha*, *revender*), mais tamén o prefixo *re-* pode conferir certo valor intensificador aos vocábulos prefixados (*rematar*).

No noso corpus ten unha frecuencia de uso bastante limitada, a 10 bases, e opera tanto sobre substantivos (*renembramento*, *renembrancha*) como verbos (*rechantar*, *recreer(se)*, *rematar*, *remolhar*, *requentar*, *revender*), sen mudar a categoría gramatical. As ocorrencias de *re-* no noso corpus son as seguintes: AT 0, LP 3, CSM 6, LT 0, CT 1, MS 0, CSMI 0.

Algúns verbos parasintéticos da C1 forman estrutura mediante o prefixo *re-* (*re-fresc-ar*, *re-cu-ar*).

### 3.11. PREFIXO *SOBRE-*

O prefixo *sobre-* deriva da preposición latina *SŪPER*, da cal tamén provén o alomorfo erudito *super-*, presentando as nocións de intensidade ou exceso. Porén, no noso corpus unicamente encontramos este prefixo co significado de superioridade (nun cargo). É o caso do substantivo *sobrejuiz* ‘xuíz de última instancia’ [CSM] (< *juiz*), *sobreposto* [LP] (< *sobre-* + *posto*) e *sobredita* [CT] (< *sobre-* + *dito*). Con todo, cómpre indicar que nos *Miragres de Santiago* aparece a locución adverbial *a sobreguisa*, con orixe na combinación da preposición *a* máis o adverbio “sobre + guisa”, que decidimos non incluír por estar gramaticalizada.

A seguir podemos observar, xa que logo, a baixa produtividade deste sufixo, sorprendente fronte á súa alta rendibilidade tanto no latín como modernamente (Ferreiro 1997: 99): AT 0, LP 0, CSM 1, LT 0, CT 1, MS 0, CSMI 0.

### 3.12. PREFIXO *TRAS-/TRANS-*

Do prefixo latino *TRANS-* (‘a través de’) tamén se xeraron dúas evolucións prefixais, unha culta (*trans-*) e outra patrimonial (*tras-*). No corpus temos un exemplo coa variante *trans-*, que aparece nun caso de prefixación substantiva desubstantival (*transmoleira* en LP), en canto a variante *tras-* comparece nos verbos *traspasar* (CSM) e *trastornar* (CSMI), procedentes das bases verbais *pasar* e *tornar*; en ningún caso experimentan transcategorización. As ocorrencias

de *tras-* no noso corpus son as seguintes: *AT* 0, *LP* 3, *CSM* 2, *LT* 0, *CT* 0, *MS* 0, *CSMI* 1.

#### 4. CABO

Ao longo destas páxinas intentamos aproximarnos brevemente a un dos mecanismos de formación de palabras mediante afixos, como é a prefixación, con base nunha selección de obras do galego literario medieval.

Así, após delimitarmos que desde o noso punto de vista estamos perante un proceso de derivación e non de afixación, caracterizamos a prefixación como un mecanismo con unidas afixais recorrentes, que se combinan con bases léxicas e na súa maioría non funcionan de modo autónomo. Así, aínda que moitos prefixos coinciden formalmente coas preposicións, este tipo de afixos non exercen de nexos, senón como determinacións da base e mesmo poden asumir funcións verbais. Alén disto, á diferenza dos sufixos, os prefixos non alteran o acento natural

da base a que se xuntan, non provocan mudanzas morfolóxicas fortes e tampouco se alteran as categorías de xénero, número, modo-tempo e número-persoa.

Así, tendo en conta este marco teórico e o feito de partirmos unicamente de formacións prefixais puramente creadas no galego literario medieval, realizamos unha breve caracterización deste mecanismo derivativo neste período lingüístico. Á vista do estudo, detectamos que a derivación prefixal presenta unha produtividade moi moderada, pois o repertorio total de prefixos que operan neste corpus é bastante escaso a respecto do galego moderno e cínxense nomeadamente a prefixos de lugar, e en menor medida de tempo, cantidade e de intensidade. Con todo, detectamos que a prefixación é moi rendíbel a través das formacións parasintéticas, nomeadamente a través dos prefixos *a-*, *des-* e *en-*. En último lugar, tamén se revela que a polisemia é baixa e rexístrase pouca alternancia prefixal.

#### 5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALVAR EZQUERRA, Manuel (2006): *La formación de palabras en español*. Madrid: Arco/Libros.
- ÁLVAREZ, Rosario e XOVE, Xosé (2003): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- ARONOFF, Mark (1976): *Word Formation in Generative Grammar*. Cambridge, MA: MIT Press.
- AT* = TAVANI, Giuseppe (ed.) (2002): *Arte de Trovar do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*. Lisboa: Edições Colibri.
- BREA, Mercedes (1976): “Prefijos formadores de antónimos negativos en español medieval”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 3, pp. 319-341.
- BROCARD, M<sup>a</sup> Teresa e MOCHO, M<sup>a</sup> do Céu Caetano (2000): “Para uma morfologia derivacional histórica do português: o prefixo *des-*”, en *Actes du XXIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*. Vol. 2, pp. 39-47. Tübingen: Max Niemeyer Verlag.
- CSM* = METTMANN, Walter (ed.) (1986-1988-1989): *Cantigas de Santa María*. Madrid: Clásicos Castalia.
- CSMI* = SOUTO CABO, José António (ed.) (1986): *Vasques, Rui: Crónica de Santa Maria de Íria*. Santiago: Cabido da S. A. M. I. Catedral de Santiago / Edicións do Castro.
- CT* = LORENZO, Ramón (ed.) (1985): *Crónica Troiana*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / RAG.
- DARMESTER, Arsène (1894<sup>2</sup>): *Traité de la formation des mots composés dans la langue française comparée aux autres langues romanes eu au latin*. Paris: Emile Bouillon.
- DHLP = HOUAISS, Antônio (2001): *Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva.

- FERREIRO, Manuel (2001): *Gramática histórica da lingua galega. II. Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (1999): *Gramática da lingua galega. III. Semántica*. Vigo: A Nosa Terra.
- GUILBERT, Louis (1971): “De la formation des unités lexicales”, en *Grand Larousse de la langue française*. Vol. 1, pp. IX-LXXXI. Paris: Larousse.
- JORDAN, Iorgu e MANOLIU-MANEA, María (1972): *Manual de lingüística románica*. Madrid: Gredos.
- LANG, Mervyn F. (1990): *Spanish Word Formation. Productive derivational morphology in the modern lexis*. London: Routledge.
- LÓPEZ VIÑAS, Xoán (2010): “A identidade gramatical da prefixación nas gramáticas históricas do portugués e do galego”, en *Estudos Galegos-Brasileiros 4. Lingua, Cultura, Identidade*, pp. 231-253. A Coruña: Universidade.
- (2012): “Descrición do Dicionario de afixos do galego medieval”, *Revista Galega de Filoloxía* 13, pp. 45-63.
- (2012): *A formación de palabras no galego medieval: a afixación*. Tese de doutoramento. A Coruña: Universidade.
- LP = BREA, Mercedes (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*. 2 vols. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / CRPIH.
- LT = LORENZO GRADÍN, Pilar e SOUTO CABO, José António (coord.) (2001): *Livro de Tristan e Livro de Merlin*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / CRPIH.
- MS = PENSADO TOMÉ, José Luis (ed.) (1958): *Miragres de Santiago* (anexo LXVIII da *Revista de Filología Española*). Madrid: CSIC.
- RIO-TORTO, Graça M<sup>a</sup> (1998): *Morfologia Derivacional. Teoria e Aplicação ao Português*. Porto: Porto Editora.
- SERRANO DOLADER, David (1995): *Las formaciones parasintéticas en español*. Madrid: Arco/Libros.
- TMILG = VARELA BARREIRO, Xavier (dir.) (1993-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: ILG / USC (<http://ilg.usc.es/tmilg/>).
- VARELA, Soledad e MARTÍN GARCÍA, Josefa (2000 [1999]): “76. La prefijación”, en I. Bosque e V. Demonte (dirs.): *Gramática descriptiva de la lengua española 3. Entre la oración y el discurso. Morfología*, pp. 4993-5040. Madrid: Espasa Calpe.